CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE
Chan, 11 – Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 – Fax.986760130
Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006– Fax 986753201

CERDEDO COTOBADE
REXISTRO SAIDA
2018-S-RC-1371
18/07/2018 11:49

**Resolución da Presidencia accidental**

1.Visto o Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e os Concello de Cotobade para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa.

2.Reunido o Tribunal Cualificador en datas de 6.7.2018 e 09.07.2018 e acreditado que dos aspirantes propostos para o posto de peón brigadas extinción de incendios un non superou o recoñecemento médico e a proba de esforzo tendo que habilitarse a lista de agarda do resto de aspirantes que superaron as probas selectivas.

3.Visto que consta no expediente a superación do recoñecemento médico e a proba física de esforzo de todos aspirantes seleccionados.

**RESOLVO:**

1.Nomear e acordar a contratación de D. Guillermo Puente Couto, D. Jose Durán Fraguas e D. Andrés Bouzas Muiños, como peóns da brigada de extinción de incendios forestais do ámbito territorial do antigo Concello de Cotobade mediante un contrato de obra ou servizo determinado por un período de tres meses ao abeiro do artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 5/2015 do 30 de outubro e dos Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Cotobade, para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa.

2.Nomear e acordar a contratación de D. Carlos Conde Domínguez como xefe de brigada e a D. Rafael Lorenzo Fraguas como peón conductor da brigada de extinción de incendios do ámbito territorial do antigo Concello de Cotobade, mediante un contrato de obra ou servizo determinado por un período de tres meses ao abeiro do artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 5/2015 do 30 de outubro e do Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Cotobade para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa.

2.Os traballadores contratados quedan suxeitos a o período legal de proba dun mes previsto no artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 5/2015 do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores.

4.Dar traslado da presente Resolución á Xestoría e á Intervención Municipal aos efectos oportunos

5.Ordenar a publicación da presente resolución no Taboleiro de Edictos do Concello.

Contra a precedente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse polos interesados ben o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou e no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, ao amparo do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben o recurso contencioso-

Fernando Vázquez Corbacho (1 de 2)
Presidente accidental
Fecha Firma: 17/07/2018
HASH: 041c2977cf5f6842b55065ca5ee3a272

Miguel Rodríguez de Vicente-Tutor (2 para 2)
Secretario
Data de Sinatura: 18/07/2018
HASH: c4bdf470637bfe2bcaa0cdea52e6990c

DECRETO
Número: 2018-0683 Fecha: 17/07/2018

Cód. Validación: 47CNAYN6DELWXLZAQ43GP6KOS | Verificación: http://concellodecerdedocotobade.sedelectronica.gal/
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 1 de 2

administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra.

Non obstante, o interesado tamén poderá interpoñer calquera outro recurso que estime procedente con arranxo a dereito.

O que lle traslado para o seu coñecemento e efectos.

Cerdedo-Cotobade
(Documento asinado dixitalmente á marxe)

| O Presidente accidental | O Secretario |
|---|---|
| Fernando Vázquez Corbacho | Miguel Rodríguez de Vicente-Tutor |

DECRETO
Número: 2018-0683 Fecha: 17/07/2018

Cód. Validación: 47CNAYN6DELWXLZAQ43GP6KQS | Verificación: http://concellodecerdedocotobade.sedelectronica.gal/
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 2 de 2